

# CRUZ DO PAU DA VELLA

Por Elena García e Tania Pernas




No pasado Curso 2008-2009 Elena García e Tania Pernas ían en 2º da ESO e na 3ª Avaluación realizaron xuntas un traballo de investigación para Ciencias Sociais. Tratábase, como cada ano, de coñecer cousas das bisbarras onde vivimos, nos concellos de Alfoz e O Valadouro. E Elena e Tania escolleron un de tantos tópicos na nosa Galicia: o do enfrontamento que xorde ás veces entre os veciños sobre os límites das fincas, dos concellos, dos territorios en xeral. A Cruz do Pau da Vella foi unha solución para un destes conflitos, que enfrontou no pasado a varios concellos da comarca. Velaquí está o traballo destas dúas rapazas, un traballo, que, en principio, presentaron en formato Power Point, polo que o que máis abunda nel son as fotografías. Como se adoita dicir con frecuencia, unha imaxe vale máis que mil palabras.

Pode considerarse que este lugar no que se atopa a Cruz do Pau da Vella non pertence a ningures, ou que pertence a todas partes. Pode considerarse que pertence ao Valadouro, a Viveiro, a Xove ou a Cervo, ou pode, sinxelamente, non considerarse pertencente a ningún destes concellos, pois este lugar é curioso precisamente por iso.

A Cruz do Pau da Vella está nunha estraña paisaxe que se dá aquí, moi preto das nosas casas. Esta cruz divide o terreo nos catro concellos que nomeamos antes.

Como se pode observar na fotografía de arriba, consiste nunha cruz de pedra (de aí o nome) que está cravada no chan. Por que "Cruz do Pau da Vella, e non outro nome? Esta pregunta respóndese sen dificultade contando un pouco da historia do lugar: Hai xa moitos anos, cando aínda non estaban repartidos os territorios deste lugar, o Valadouro, Viveiro, Xove e Cervo discutían constantemente polos que serían nun futuro os límites de cada concello. Dise que pasaron rifando anos e anos, mais un día apareceu no lugar unha anciá que dicía coñecer a



solución a tanto tempo de pelexas: marcar nun punto medianamente céntrico un sinal ou algunha indicación que solucionara definitivamente o problema; e de aí lle vén o nome, aínda que isto só é unha lenda. Como ben dixemos, é só unha lenda, pero hai moitas máis que xiran arredor deste lugar, e ninguén coñece de forma cla-

ra a súa verdadeira orixe.

Outras persoas din que lle chaman así porque moita xente viu alí unha señora anciá chorando apoiada nun pau; outros que alí descansan os restos mortais dunha "vella" que adoitaba visitar o sitio, etc. Como é obvio, non se sabe cal de todas estas é a lenda verdadeira.



Enriba destas liñas podemos ver dúas fotos do terreo que se atopa preto da Cruz do Pau da Vella, no que os animais ceibos do monte móvense ás súas anchas. No gráfico sectorial que vemos na páxina anterior representamos os diversos terreos que lle corresponderían a cada concello circundante, coa Cruz do Pau da Vella no centro de todos eles. Sexa cal sexa a súa orixe, esta cruz atópase nun lugar estratéxico.

Quixemos pedir as diversas opinións da xente que vive preto da Cruz do Pau da Vella e obtivemos os seguintes resultados:

- Ao 91% da xente enquisada parécelle un descoñecido atractivo turístico e gústalles que se encontre onde está.
- Ao 4% parécelles tan só lles parece unha marca para dividir os concellos.
- Ao 5% parécelles un pequeno monumento ao que se lle deberían dar moitas máis atencións por parte da Xunta.

Aínda que non deberíamos poñelo no traballo, houbo unhas poucas per-

soas que non coñecían o lugar, polo que non puidemos preguntarlles o que opinaban.

#### Opinións persoais.

ELENA.

Eu xa coñecía o lugar de antes e gústame moito ir alí, pois, como se ve nas fotos, é un sitio moi bonito. O que non sabía era que a súa historia fose tan confusa e diversa, e tamén me chamaron a atención as distintas opinións que se teñen sobre a paisaxe. En fin, que me pareceu un lugar moi interesante sobre o que facer un traballo de investigación como este.

TANIA.

Eu, a diferenza da miña compañeira, non coñecía a Cruz do Pau da Vella, pero entusiasmeime coñecela, pois, como ben dI Elena, é un lugar moi bonito. Creo que se se quixera, podíase facer unha ruta turística do nivel da de Pardo de Cela, e visitar nela os montes que hai preto (os Cabaleiros, Penas Agudas, etc.) En resumo: gústome moito.

Para rematar este traballo poñemos como broche de ouro unhas imaxes do entorno no que se encontra a Cruz do Pau da Vella:



A historia do pasado de Galicia está chea de historias que nos falan dos enfrontamentos polos límites entre terreos. No caso da Cruz do Pau da Vella ocorre outro tanto, pero neste caso a discusión non é entre persoas, senón mesmo entre concellos: Valadouro, Xove, Cervo e Viveiro rifan por dicir que a Cruz é súa. Por outra banda, outra tradición galega que vén moi do pasado é a das lendas, a das historias máxicas ou misteriosas que explican a orixe das cousas; tamén aquí a Cruz do Pau da Vella ten moito que contar, posto que até no seu nome conserva os vestixios destas lendas. Pero se do galego falamos, non podían faltar as verdes paisaxes que definen como ningunhas a nosa terra; e como proba que arredor da Cruz do Pau da Vella tamén se pinta a Galicia verde, aquí vos van estas dúas fotos finais, cheas de herba, de plantas e de árbores. É unha mágoa que na primeira das fotos se vexa a metálica silueta dalgún eólico rompendo o encanto da paisaxe, pero xa se sabe, hai que adaptarse ós tempos e os eólicos estannos conquistando.